

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Homenaxe en Trasalba

Virxilio na voz de cinco poetas

Continuando cos actos de homenaxe ao pintor ourensán, a Fundaición Otero Pedrayo organiza este sábado un recital poético musical. Mentres, a exposición 'Os chaos de Amoeiro' continuará na Casa Grande de Cimadevila até setembro.

Redacción - 18:10 30/03/2007

Este sábado día 31 de marzo continúan, na Casa Grande de Cimadevila, de Otero Pedrayo, en Trasalba, os actos de homenaxe a Virxilio organizados pola Fundación Otero Pedrayo. A semana pasada foi inaugurada unha exposición co título 'Os chaos do Amoeiro', na que se recolle boa mostra da obra do pintor.

Ás 19.30 comezará no auditorio da Casa-Museo un recital de poesía presentado por Afonso Vázquez Monxardín. Nel participarán Isolda Santiago, o celanovés Baldo Ramos, o fisterrán [Modesto Fraga](#), o ceense Rafa Villar e o ourensán Manolo Outeiriño. Ademais, actuará a [Coral](#) Polifónica do Casino do Carballiño

No 60 Otero Pedrayo incluíu a Virxilio cando falaba en "Vida Gallega" dos grandes pintores galegos: Castelao, Seoane, Prego, Maside, Laxeiro... Agora volve ás terras de Trasalba, na súa obra 'Os chaos de Amoeiro'. O pintor, aos seus oitenta e dous anos, segue a ser un clásico vivente, e ten retratado cos pinceis as terras que Otero pintou con palabras: a bocarribeira, a Galiza rural de interior: o amarelo de xestas e mimosas, de toxos e solpores outonizos, preside a obra de Virxilio.